

UN PINTOR NA MIÑA

CASA



Vamos facer unha viasce no tempo, ao pasado, seguro que o pasades moi ben. Polo ano 1.961 chegou a miña casa un pintor e a súa dona, viñan indicados por un dentista de As Nogais, amigo de meus bisavós e que se chamaba don Fermín, traballaba os días de feira en Pedrafita. O pintor chamábase don Fermín González Prieto, paisaxista. El e a súa dona foron aloxados nunha habitación da miña casa, que se chama o "Cuarto do Cura". Estiveron cerca dunha semana, ou 15 días.

No alto do San Roque onde se encontra agora a estatua do Pelegrín, ó lado onde pasa o camión de Santiago, coa axuda de meu bisavó e armador con fouce construíron unha cabariña de ramas, xestas, uces, fentos e cartóns para protexerse do sol de agosto. A dona de Fermín preparaba na miña casa un cestíño de comida para todo o día.

A auga para as pinturas, para lavar os pinceis, así como para beber conseguíana da fonte de San Roque, preto dalí na ladeira norte, a uns 30 metros do camión de Santiago. Hoxe esta fonte atópase cuberta cunhas matogueiras de silvas e fentos, totalmente inaccesible.

Os dous marchávanse dende a mañá ata a noite pra cabana de San Roque, desde donde pintaron unha paisaxe moi fermosa do Courel que hoxe se encontra nalgunha sede da xunta ou nun museo que agora non recordo.

Durante a estancia na miña casa a dona de Fermín que tamén lle gustaba a pintura, pintou un cadro no que estaban: miña bisavoa, miña avoa e unha tía-avoa miña que daquela tiña 12 anos, segando o trigo na colíña, o lado da casa.

Miña avoa dicía que "saimos tal cual" con Jovaniño e todo, tamén gavelas. Cando o ensinou na casa gustoulles moito e miña avoa queríaallo comprar, pero miña bisavoa dicía que o cadro ben merecía a estancia delas na casa.

É zifando así o cadro foise. O que non sabía miña bisavoa é que un pintor nunca che regala as súas obras.

Cando terminaron o cadro da paisaxe, fóronse e non vovemos saber nada máis dos tres. Así que se vedes por aí un cadro con estas características, ¡¡Avisáideme que o quero ver!! . Isto pasou tal e como vobos conto.

Imos volvendo ao presente...

E ADEEEUUUS...

Nota: Elías Valiña Sampedro, cura que foi do Cebreiro, Inventor das flechas amarelas do Camín de Santiago; na páxina 182 do seu libro "el Camino de Santiago", fai fincapé neste pintor